



SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 17 DE SETEMBRO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día dezasete de setembro de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal

Tendo en conta os motivos que de seguido se relacionan, considérase que os seguintes expedientes de contratación requiren de urxente aprobación para poder comezar coa execución das obras e coa subministración dos produtos:

- Expediente número 2020/C002/000120 para a adxudicación da obra “Acondicionamento do río Mero ano 2020”, o cal deriva do Convenio de colaboración asinado entre o Concello de Cambre e Augas de Galicia, para o acondicionamento, mantemento e conservación do contorno do río Mero ao seu paso polo Concello de Cambre, e ten previsto un prazo de execución de 2 meses.

O concello deberá ter remitido a Augas de Galicia os documentos da xustificación do cumprimento das condicións da execución, e a consecución dos obxectivos previstos, así como o informe final das actuacións realizadas nesta anualidade o vindeiro 1 de decembro de 2020.

- Expediente número 2020/C002/000122 para a adxudicación da “Adquisición de máscaras e xeles hidroalcohólicos para a protección fronte á Covid 19 dos empregados do Concello de Cambre”, que ten por obxecto garantir un ambiente de seguridade para que os traballadores e traballadoras do Concello de Cambre poidan continuar exercendo as súas funcións con seguridade tanto para eles como para á veciñanza que ten que acudir ás dependencias municipais, isto á vista do repunte da Covid 19.

Visto o disposto no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal:

“a) Entre a convocatoria e a realización da sesión non poderán transcorrer menos de vinte e catro horas, agás no caso das sesións extraordinarias e urxentes nas que, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na orde do día, deberá ser declarada a urxencia por acordo favorable da maioría dos membros.”



Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

2º.- Adxudicación da obra "Acondicionamento do río Mero ano 2020", á empresa "Jardincelas, S.L." ,no prezo ofertado de 22.078,32 € sen IVE, 26.714,77 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000120

Vista a proposta da Alcaldía de data 15 de setembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data do 15 de xullo de 2020 asínase o convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e “Augas de Galicia”, para o acondicionamento, mantemento e conservación do contorno do río Mero ao seu paso polo Concello de Cambre. En virtude deste convenio, o Concello de Cambre comprométese a presentar un informe anual da programación dos traballos a realizar e, unha vez rematados, enviará anualmente antes do 1 de decembro de cada ano, un informe final onde se recolla o estado final despois das actuacións realizadas, e “Augas de Galicia” comprométese a contribuír cunha achega que se distribuirá entre os anos 2020 e 2023.

En cumprimento do establecido neste convenio, o Concello de Cambre enviou con data do 14/08/2020 a “Augas de Galicia” un informe sobre o estado actual do río Mero.

Nesa mesma data do 14/08/2020 asínase o proxecto correspondente á obra “Acondicionamento do río Mero, 2020” elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, cun orzamento de 33.052,17 € sen IVE, 39.993,13 € IVE incluído.

Con datas 21/08/2020 e 14/09/2020 emítense informes urbanísticos de viabilidade asinados polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito.

Con data 24/08/2020 emítense proposta-informe de necesidade de contratación asinado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras e pola concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, no que se motiva a necesidade da obra de “Acondicionamento do río Mero, 2020” en virtude do Convenio de colaboración suscrito entre Augas de Galicia e o Concello de Cambre para o acondicionamento, mantemento e conservación do entorno do río Mero ao seu paso polo Concello de Cambre asinado con data 15 de xullo de 2020 e con unha vixencia dende o 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2023, no que se establece que Augas de Galicia contribuirá cunha achega máxima ao Concello de 160.000 €, entre as anualidades 2020 e 2023, e se establece que o prazo límite para a entrega por parte do Concello de Cambre a Augas de Galicia dos documentos da xustificación do cumprimento das condicións da execución, e a consecución dos obxectivos previstos, así como o informe final das actuacións realizadas na anualidade correspondente será o 1 de decembro de cada anualidade, na presente o 1 de decembro de 2020, isto de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2917 de contratos do sector público.

Con data 20/08/2020 emítense documento de “Retención de crédito” pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 459 21000.

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 11/09/2020 emítense informe pola Enxeñeira Técnica de Obras Públicas Municipal no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- ORTO PARQUES Y JARDINES S.L. B15141054

- JARDINCELAS S.L. B15538135
- ANDRES SEOANE VILLAVERDE 76351290F
- JARDINERIA ARCE S.L. B15547979
- ALVAC S.A. A40015851

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
ORTO PARQUES Y JARDINES S.L.	29.126,67€	35.243,27 €
JARDINCELAS S.L	22.078,32 €	26.714,77 €
ANDRES SEOANE VILLAVERDE	30.512,00 €	36.919,52 €
JARDINERIA ARCE S.L.	22.475,47€	27.4195,32€
ALVAC S.A.	33.042,17 €	39.981,03 €

formulando proposta de adjudicación da obra "Acondicionamento do río Mero ano 2020", á empresa JARDINCELAS, S.L., con NIF B1553****, domicilio en Peiro de Arriba, 16, 15198 Culleredo, A Coruña no prezo ofertado de 22.078,32 € sen IVE, 26.714,77 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, unha vez xustificada suficientemente a súa oferta, inicialmente incurso en presunción de ser anormalmente baixa, aportando con data do 08/09/2020 e con número de rexistro 202099900002672 a documentación requirida e conforme consta no informe da enxeñeira técnica de obras públicas municipal de data 10 de setembro de 2020.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 14 de setembro de 2020, e mailo informe de fiscalización nº 267/2020, emitido polo interventor da Corporación con data do 14 de setembro de 2020.

Visto canto antecede, por parte desta Alcaldía considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato co fin de dar cumprimento ás competencias municipais establecidas polo artigo 25.2 d) da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, e co fin de atender as obrigas que se derivan para o Concello do convenio suscrito con Augas de Galicia para o acondicionamento, mantemento e conservación do contorno do Río Mero ao seu paso polo Concello de Cambre, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85 de bases do réxime local, e maila Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de contratos do sector público, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o proxecto elaborado con data do 14/08/2020 correspondente á obra “Acondicionamento do río Mero, 2020”, asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Municipal, cun orzamento de 33.052,17 € sen IVE, 39.993,13 € IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 459 21000.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000120, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato para a obra “Acondicionamento do río Mero ano 2020”, á empresa JARDINCELAS, S.L., con NIF B1553****, domicilio en Peiro de Arriba, 16, 15198 Culleredo, A Coruña no prezo ofertado de 22.078,32 € sen IVE, 26.714,77 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, unha vez xustificada suficientemente a súa oferta, inicialmente incurso en presunción de resultar anormalmente baixa.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como director da obra e responsable do contrato ao enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal don Óscar Souto Muíño, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: De conformidade coa cláusula sétima do convenio subscrito entre o Concello de Cambre e “Augas de Galicia” para o acondicionamento, mantemento e conservación do entorno do Río Mero ao seu paso polo Concello de Cambre, designar como representantes do Concello de Cambre na Comisión de Seguimento que se estableza para impulsar, interpretar e promover a solución de posibles discrepancias aos seguintes funcionarios municipais:

- O enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muíño
- A enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolome Delanöe.

Oitavo: Notifíquese ao enxeñeiro de camiños municipal, responsable do contrato, así como aos representantes do Concello designados para integrar a Comisión de Seguimento, ademais ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Noveno: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución

competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3º.- Adxudicación do contrato para a subministración de "Adquisición de máscaras e xeles hidroalcohólicos para a protección fronte a Covid 19 dos empregados do Concello de Cambre", á entidade "Iglesias Salud, S.L. Unipersonal", no prezo ofertado de 7.720,00 euros sen IVE, 9.341,20 euros IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000122

Vista a proposta da Alcaldía de data 16 de setembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data 24/08/2020 elaborouse polo xefe de Réxime Interior en funcións unha Memoria valorada para a subministración de material para a protección ante a Covid 19 dos empregados do Concello de Cambre e veciños/as que acudan presencialmente ás oficinas municipais, en concreto para a adquisición de máscaras e xeles hidroalcohólicos, cun orzamento de 10.130, 00 euros sen IVE, toda vez que, de conformidade coa Disposición Adicional Cuarta do Real Decreto-lei 27/2020 do 4 de agosto, aplicarase o tipo do 0 % do IVE ás entregas de bens referidos no citado Real Decreto-Lei cuxos destinatarios sexan, entre outros, as entidades de dereito público.

Na mesma data do 24/08/2020 emítese proposta-informe de necesidade de contratación, asinado polo xefe de Réxime Interior en funcións e pola concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, no que se motiva a necesidade da subministración de máscaras e xel para poder garantir un ambiente de seguridade para que os traballadores e traballadoras do Concello de Cambre poidan continuar exercendo as súas funcións con seguridade tanto para eles como para á veciñanza que ten que acudir ás dependencias municipais. Tendo en conta o repunte dos casos da covid, faise necesaria a adquisición das mascarar e xeles hidroalcohólicos en previsión de que a situación se prolongue no tempo, e fronte a posibilidade da escaseza do material de protección que se pretende adquirir, cun orzamento de 10.130, 00 € (sen IVE aplicable).

Con data 24/08/2020 emítese documento de "Retención de crédito" pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 920 22199.

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 09/09/2020 emítese informe pola concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- Iglesias Salud, S.L. Unipersonal
- Discoferro Galicia. S.L.
- Gerimedical, S.L.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta (exento de IVE)
Iglesias Salud, S.L. Unipersonal	7.720,00 €	7.720,00 €

Gerimedical, S.L.	8.522,00 €	8.522,00 €
-------------------	------------	------------

formulando proposta de adjudicación da subministración de “Adquisición de máscaras e xeles hidroalcohólicos para a protección fronte a Covid 19 dos empregados do Concello de Cambre”, á entidade “ Iglesias Salud, S.L. Unipersonal” , con NIF B9411...., e domicilio na Avda. Marín 22, baixo, 36940, Cangas, Pontevedra, no prezo ofertado 7.720,00 €, (exento de IVE), por ser a licitadora que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 10 de setembro de 2020, e mailo informe de fiscalización nº 265/2020, emitido polo interventor da Corporación con data do 14 de setembro de 2020.

No citado informe de fiscalización se fai constar que, con data 11/09/2020 publicase no BOE a Resolución de 10 de setembro de 2020, do Congreso dos Deputados, pola que se ordena a publicación do Acordo de derogación do Real Decreto-lei 27/2020, de 4 de agosto, de medidas financeiras, de carácter extraordinario e urgente, aplicables ás entidades locais, polo que se entende derogada a prórroga do indicado do artigo 8 do Real decreto lei 15/2020, de 21 de abril ata o 31 de outubro de 2020, e, polo tanto, xa non resulta de aplicación o tipo 0 ao presente contrato, considerándose pola Intervención municipal que se ha de aplicar o IVE do 21% , a salvo de regulación posterior previa ao momento do devengo do imposto sobre o valor engadido. Debido a esta circunstancia, solicitouse á entidade proposta como adjudicataria que achegase novamente a súa oferta engadíndolle o tipo impositivo do 21 %, trámite que foi cumprimentado pola empresa mediante escrito rexistrado de entrada no Concello de Cambre o día 15/09/2020 ao nº 202099900002825, no que consta o prezo de 7.720,00 euros sen IVE, 9.341,20 euros IVE incluído.

Visto canto antecede, por parte desta Alcaldía considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato por razóns de saúde pública, para poder garantir un ambiente de seguridade para que os traballadores e traballadoras do Concello de Cambre poidan continuar exercendo as súas funcións con seguridade, tanto para eles como para á veciñanza que ten que acudir ás dependencias municipais, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85 de bases do réxime local , e maila Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de contratos do sector público, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar a Memoria valorada para a subministración de material para a protección ante a Covid 19 dos empregados do Concello de Cambre, e veciños/as que acudan presencialmente ás oficinas municipais, en concreto para a adquisición de máscaras e xeles hidroalcohólicos, elaborada polo xefe da Unidade de Réxime Interior en funcións, e cun orzamento de 10.130, 00 euros sen IVE, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 920 22199.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000122 da subministración de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato para a subministración de “Adquisición de máscaras e xeles hidroalcolhicos para a protección fronte a Covid 19 dos empregados do Concello de Cambre”, á entidade “ Iglesias Salud, S.L. Unipersonal”, con NIF B9411....., e domicilio na Avda. Marín 22, baixo, 36940, Cangas, Pontevedra, no prezo ofertado de 7.720,00 euros sen IVE, 9.341,20 euros IVE incluído, por ser a licitadora que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato ao Xefe da Unidade de Rexime Interior en funcións, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese ao Xefe de Rexime Interior en funcións, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e dez minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López